

Ramón Pérez-Sindín Blanco

**De harmonía as esferas. Música
ibérica entre os séculos XVI e XVIII**

Venres 18 de abril de 2025, 20.00 h, igrexa da Universidade

Organiza

Concellaría de Capital Cultural, Turismo, Educación e Memoria Histórica

Concepto e dirección artística

Belén Bermejo López

Asesoría musical, investigación e documentación

Andrés Díaz Pazos

Redacción

Andrés Díaz Pazos e Belén Bermejo López

Revisión lingüística

Elvira Ribeiro Tobío

Coordinación, imaxe e comunicación

Sirgo Torcendo

Maquetaxe

Cátia Leite

Produción técnica

Goyplasón S.L.

Asistencia á produción

Miraxe, S. Coop. Galega

Imprime

Lápices 4

Agradecementos

_Comunidade de beneditinas de San Paio de Antealtares

_Comunidade de clarisas do convento de Santa Clara

_Comunidade de Carmelitas Contemplativos de Santiago de Compostela

_Consello Local da Orde Franciscana Regular

_Real e Ilustre Confraría Numeraria do Rosario de Santiago de Compostela

_Xan Gómez Viñas, socio traballador de NUMAX

_Todas aquelas persoas e establecementos de Compostela que, coa súa colaboración, fixeron posible este proxecto

O panorama musical ibérico durante os séculos XVI ao XVIII non palidece respecto a aqueles outros campos artísticos onde atopamos algunhas das figuras máis relevantes da historia cultural portuguesa e española de todos os tempos. A xenial prolixidade creativa do momento chegou tamén, certamente, ao terreiro musical, e acadou unhas cotas que non se repetiron ata os nosos días. *De harmonía as esferas* pretende homenaxear algúns dos máis insignes monumentos da música ibérica de tecla, a través dos seus compositores máis destacados, cunha variada selección de pezas entre o humano e o divino, desde o Renacemento tardío ata o Clasicismo temperán.

Un total de nove autores diferentes compoñen o variado programa que amosa esa riqueza musical. O primeiro no tempo, e nos alicerces da música de tecla ibérica e universal, é Antonio de Cabezón. Cabezón ocuparía os máis destacados postos na corte española, nun primeiro momento ao servizo da emperatriz Isabel de Portugal. Ao morrer esta, pasaría a encargarse da educación musical dos seus fillos, entre eles o futuro Felipe II. Cando este ascende ao trono, será músico de tecla na súa corte. Unha pequena parte da obra de Cabezón vai ser publicada postumamente polo seu fillo Hernando de Cabezón, quen herdará o posto do seu pai. A súa influencia vai ser inmensa sobre os autores posteriores, como é o caso dos que integran o programa e que viven de a cabalo entre o século XVI e XVII. Tanto Coelho como Aguilera de Heredia, e en certo modo tamén Correa de Arauxo, recollen a tradición que fundara Cabezón incorporando novas influencias do Barroco que está a agromar e, ao tempo, adáptanse ás novas tipoloxías de órganos que aparecen na Península a fins do século XVI. Así, por exemplo, Coelho, natural de Elvas e que, tras pasar por Badajoz e a propia Elvas, remataría como organista da catedral de Lisboa, achega ao estilo de Cabezón influencias dos virxinalistas ingleses ou do holandés Sweelinck. O sevillano Correa de Arauxo, pola súa parte, é o primeiro en publicar obras nas que se fai uso do teclado partido, novidade dos órganos ibéricos de fin do século XVI que permite usar rexistros diferentes, e polo tanto timbres, na man esquerda e na dereita ao mesmo tempo. Este feito, de xeito natural, vai dar lugar a un novo tipo de pezas nas que a man dereita (ou a esquerda) vai asumir un papel principal melódico sobre o acompañamento da man esquerda (ou dereita).

Plenamente barroco, e facendo de ponte entre os anteriores compositores e o seguinte grupo de autores, que xa podemos encadrar no Barroco tardío ou

primeiro Clasicismo, é Pedro de Araujo. Araujo pasou a súa vida profesional como organista en Braga, primeiro no seminario e logo na catedral. A súa música mistura elementos da importante escola aragonesa de tecla da época con outros de orixe italiana e tamén do propio Portugal. Porén, hoxe escoitaremos, como final do programa, a súa famosa *Batalha* que, en certo modo é unha volta a un estilo máis propio do século XVI. Esta peza toma como base a famosa *chanson La Guerre*, do compositor renacentista francés Clement Janequin, sobre a que moitos outros organistas fixeron a súa versión.

Os catro músicos restantes, Scarlatti, Seixas, Albergo e Soler, están interconectados entre si a través da importantísima figura do primeiro, Domenico Scarlatti. Membro dunha prominente familia de músicos, o seu pai, Alessandro, foi tamén un importante compositor e é considerado o fundador da ópera napolitana. Domenico vai nacer precisamente en Nápoles e, dende moi cedo, dá mostras dun extraordinario talento como intérprete e tamén como compositor. A súa vinculación coa Península iníciase ao ser nomeado mestre de capela do rei de Portugal João V, un grande amante da música. Na corte deste rei entrará en contacto con Carlos Seixas, un dos compositores do programa de hoxe, no que inflúe decisivamente. Entre as súas obrigas na corte vai estar tamén a de fornecelhe educación musical á filla do rei, María Bárbara (de Braganza). Bárbara era unha rapaza moi culta e boa clavecinista e vai desenvolver un vínculo especial co seu mestre, de xeito que cando casa co príncipe Fernando de Borbón, o futuro Fernando VI, levarao consigo á corte española como músico de cámara. Alí, de novo, Scarlatti vai exercer unha influencia decisiva sobre varios compositores, entre eles, dous que figuran no programa de hoxe: Sebastián de Albergo e Antonio Soler. O primeiro, natural de Roncal, foi o primeiro organista da capela real dende 1748. Por outra banda, Soler, frade xerónimo, organista e mestre de capela no Escorial, tiña tamén un contacto estreito cos músicos da capela real e coa figura de Scarlatti. Entre as evidentes influencias de Scarlatti, que podemos escoitar no programa de hoxe a través da obra destes autores, está a introdución definitiva da sonata para tecla na Península.

Andrés Díaz Pazos

(A primeira parte do programa será interpretada nun clave, copia dun orixinal construído por Ioannes Ruckers en 1616 en Amberes)

Programa

Manuel Rodrigues Coelho

(c. 1555- c. 1635)

Primeiro tento do 1º tom. Flores de música, Lisboa, 1620

Sebastián Aguilera de Heredia

(1561-1627)

Obra de 8º tono alto (Ensalada)

Sebastián de Albero

(1722-1756)

Recercata en re menor

Domenico Scarlatti

(1685-1757)

Sonata en re menor, K. 32 (Aria), Suites de pièces pour le clavecin, Vol.1, Londres, 1739

Antonio Soler

(1729-1783)

Sonata en re mayor, R. 92 Allegro pastoril

Antonio de Cabezón

(1510-1566)

Ancor che col partire, Obras de música, Madrid, 1578

Francisco Correa de Arauxo

(1584-1654)

Tres glosas sobre el canto llano de la Inmaculada Concepción, FO 69. Facultad orgánica, Alcalá de Henares, 1626

Carlos Seixas

(1704-1742)

Sonata en la menor, No. 75 Largo

Sonata en la menor, No. 71 Allegro Menuet I & II

Pedro de Araujo

(c. 1640-c. 1705)

Batalha de 6º tom

Ramón Pérez-Sindín Blanco

Comeza os seus estudos de clave na Coruña con Fernando López Pan. Máis adiante continúa a súa formación na Hochschule für Musik und Tanz Köln con Michael Borgstede e no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid con Tony Millán e Silvia Márquez, onde se gradúa en 2021 con Premio de Honra. Posteriormente cursa un mestrado no Conservatorium van Amsterdam con Menno van Delft, onde se especializa noutros instrumentos de teclados históricos como o clavicordio, o fortepiano ou o órgano. Ofrece concertos como solista, como membro de grupos de cámara ou en colaboración con orquestras sinfónicas, e participa en festivais como o Oude Muziek Utrecht, a Semana de Música Relixiosa de Cuenca, o Festival de Música Antiga de Santander, o Festival de Música Barroca de Albacete, o Festival Internacional de Música de Espinho, o Festival Internacional de Órgão de Évora, o Bachfestival Dordrecht ou o Pianoforte Extravaganza de Ámsterdam. Ten tocado en salas de concertos como o TivoliVredenburg en Utrecht, Orgelpark en Ámsterdam, o Museo do Prado ou o Teatro Monumental de Madrid, colaborando con orquestras como a Sinfónica de Galicia, a Real Filharmonía de Galicia, a Sinfónica do Principado de Asturias, a Sinfónica de Navarra ou a Orquestra e Coro de Radio Televisión Española, onde foi dirixido por Carlos Mena, Amandine Beyer, Stefan Plewniak, Javier Ulises Illán, Nuno Coelho, Baldur Brönnimann, Javier Fajardo ou Perry So. Paralelamente asiste a cursos e clases maxistras con Barthold Kuijken, Pierre Hantaï, Skip Sempé, Olivier Baumont, Eduardo López Banzo ou Aarón Zapico, entre outros.

Recibiu a bolsa MusaE na súa edición de 2017 e, en 2022, a bolsa Promesa SMADE da Semana de Música Antiga de Estella xunto á soprano galega Belén Vaquero, con quen fundou o dúo L’Affetto Umano. Desde 2021 é correpetidor do Curso Internacional de Interpretación Vocal Barroca organizado polo Centro Nacional de Difusión Musical. Na actualidade é profesor de clave e baixo continuo no Conservatorio Profesional de Música da Coruña.

O órgano

A presenza do órgano na igrexa da Universidade hai que trazala a partir da translación dos racioneiros da confraría do Sancti Spiritus ao templo a consecuencia da expulsión dos xesuítas en 1767. Esta expulsión motivou a distribución dos seus bens mobles e inmobles entre diferentes institucións da cidade e que esta igrexa pasase a ser atendida polos anteditos racioneiros. Estes tiñan un papel destacado en diversas liturxias catedralicias, entre as que podemos citar o canto da Salve á tarde, “diante da imaxe da Virxe preñada”, é dicir, a Virxe do O, daquela situada no antigo trascoro. Por este motivo, unha das calidades que tiñan que reunir era a de posuíren unha boa voz para participar co canto nestas liturxias que, de xeito ordinario, eran acompañadas polo órgano. Coa ocupación da igrexa polos racioneiros, hai constancia documental do uso dun órgano positivo (un pequeno órgano portátil de 3 ou 4 rexistros), o cal parece indicar que os xesuítas non a dotaran dun instrumento. Ao mesmo tempo, contábase co servizo dun organista estable.

Con posterioridade, sobre o ano 1800, decídese construír un órgano de maior porte. O artífice elixido será o organeiro de orixe madrileña Manuel Sanz, que se formara como oficial no obradoiro do extraordinario organeiro real Pedro Liborna Echevarría. Sanz xa traballara en Galicia, entre 1773 e 1778, na ampliación dos órganos da Catedral e, desde este último ano ata 1780, na construción dos órganos de Iria Flavia e da igrexa de Santiago de Padrón. A obra durou de novembro de 1800 ata abril de 1802 e tivo un custo total de 49.572 reais e 2 maravedís. Era esta unha suma elevada que viña supor, aproximadamente, o total das importantes rendas anuais que tiñan os racioneiros do Sancti Spiritus e, desde logo, moito máis do que lle dedicaban ás obras e mantemento da igrexa e aos salarios dos seus empregados. Como detalles anecdóticos, diremos que o estaño da aliaxe dos tubos constituía un 10% aproximadamente do custo total da obra (4.250 reais), da mesma orde que o custo da caixa (4.730 reais, incluída a madeira), debida ao artesán local Agustín Trasmonte. O tamén artista local, Manuel do Porto, pintará a caixa por un total de 2.000 reais. O órgano, cara ao ano 1850, atopábase xa algo deteriorado, como se pode constatar por un informe do organeiro da catedral, Pedro Méndez de Mernies, no que destaca a calidade do instrumento e cifra o seu arranxo e posta a punto en 1.000 reais. Coa desamortización e o paso da igrexa á Universidade é probable que, tanto o seu uso como os coidados necesarios para manter un instrumento destas características, decaesen. De feito, a fins do século pasado o órgano estaba inutilizado. A feliz intervención, en 1998, do obradoiro de organaría de Gerhard Grenzing, baixo o soporte económico da Fundación Pedro Barrié de la Maza, con motivo do V Centenario da USC, permitiu recuperar esta alfaia da organaría histórica galega.

Andrés Díaz Pazos

www.compostelacultura.gal

Vindeiras actividades e concertos en De Lugares e Órganos

Domingo 20 de abril, 20.00 h, igrexa do convento do Carme
CONCERTO DE CLAUSURA, ENSEMBLE BARBAROCO & MARCO ORSINI-BRESCIA
Glosas de ouro. Luz e esplendor do Renacemento



COLABORAN:

